

XORNADA DE RESULTADOS

ES-MENTORING Acompañando á Economía Social

LUNS 4 DE DECEMBRO DE 2023 | 10 – 14 H.
HOTEL PUERTA DEL CAMINO - SANTIAGO DE COMPOSTELA



ES Mentoring “Acompañando á Economía Social”, é un programa de mentoring da Xunta de Galicia, implementado por Agaca e EspazoCoop no marco dun convenio de colaboración establecido para 2023.

Data e horario

- Luns 4 de decembro de 2023
- De 10 a 14 h.

Lugar

Hotel Puerta del Camino
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n
Santiago de Compostela

Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop
981 57 55 78 - www.espazo.coop

[Presentación]

O proxecto ES-MENTORING, é unha iniciativa de mentorización desenvolvida conxuntamente entre [Agaca](#) e [EspazoCoop](#), co apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co fin de apoiar e consolidar as entidades de economía social galegas, e **presentará publicamente os resultados da edición de 2023 o luns 4 de decembro**. ES-MENTORING diríxese ás cooperativas e empresas da economía social que teñen unha necesidade específica, que están nun momento de crise, nun proceso de cambio, transformación ou innovación, entre outras situacións, e están interesadas en recibir orientación sobre como enfocar a súa situación por parte de persoas expertas en economía social, a figura da mentora, que poidan ter pasado por circunstancias similares para aportar a súa experiencia.

A Xornada está destinada tanto ás mentoras participantes no programa como as organizacións mentorizadas nesta edición, ademais doutras entidades da economía social interesadas en coñecer este servizo (o Foro pola Economía Social Galega, Reas Galicia, as Comunidades de Montes, as Confrarías de Pescadores e Pescadoras, as Sociedades Laborais, as Cooperativas, ...).

Programa: 'Xornada de Resultados de ES Mentoring de 2023'

10.00 h. Recepción de asistentes e Café de benvida.

10.30 h. Benvida Institucional.

- ✓ Pablo Fernández López. Secretario Xeral de Apoio ao Emprego, Tráballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- ✓ Ana Olveira Blanco. Presidenta da Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.
- ✓ Carmen Rodríguez. Presidenta da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, Agaca.

11.00 h. Presentación de Resultados ES Mentoring de 2023. Con posterior apertura dun espazo de diálogo e intercambio.

Coa participación de técnicos de EspazoCoop e Agaca, e representantes institucionais da Xunta de Galicia, as asociacións de cooperativas, e o público asistente.

11.40 h. Mesa de Experiencias ES Mentoring de 2023.

- ✓ Javier Barcia Gallo. Clun S. Coop. Galega. Mentor de ES Mentoring.
- ✓ Teresa Rivas Grande. Ardora Formación e Servizos S. Coop. Galega. Mentora de ES Mentoring.
- ✓ Federico Pérez. Bodegas Eidosela S. Coop. Galega. Empresa mentorizada por ES Mentoring.
- ✓ Marina Pérez. Marma S. Coop. Galega. Empresa mentorizada por ES Mentoring.

12.15 h. Mesa de Intercambio de Programas de Mentorización.

- ✓ Programa Xuventude Mentoring | Silvia Negreira Vidal, Subdirectora Xeral de Programas para a Xuventude. Consellería de Política Social e Xuventude.
- ✓ Programa Mentoría Coop | Tania Lara Alonso, Directora Provincial da Federación Andaluza de Empresas Cooperativas (FAECTA Cádiz).
- ✓ Programa ES Mentoring 'Acompañando á Economía Social' | Hixinio Mougán Bouzón, Director – Xerente da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias – Agaca.

13.00 h. Clausura da Xornada.

Elena Rivo López. Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

13.15 h. Cóctel – Networking.

Inscripción e información

Inscripción: a través do seguinte formulario en liña [fai clic](#)

Información: Unión de Cooperativas EspazoCoop | 981 57 55 78 - www.espazo.coop

Web do Programa ES-Mentoring: <https://es-mentoring.gal/>